VISTA a solicitude de **licenza de segregación de fincas** incoada a instancia de Juan Carlos Escuris Villa en representación de **Josefa Santamaría Sampedro**, según escrito rexistrado de entrada o día 23 de novembro de 2023, (Rexistro de entrada nº 22.531), parcela con refª catastral nº 9100915MH9190S0001QZ sita no lugar de Capilla, Carreira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de parcelas de novembro de 2022 redactado por D. Juan Carlos Escuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. nº 1.166), así como escritura de propiedade.

VISTO o **acta de cesión** asinado pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira o **día 31 de xaneiro de 2023**

VISTO o **contrato de cesión** asinado por **Dña. Josefa Santamaría Sampedro** o **día 7 de febreiro de 2023**, que comprende unha superficie total de cesión de **66,98 m²**, resultando na franxa sita na Parcela 1 (resto da finca matriz) unha superficie de cesión de 43,55 m² e na Parcela 2 unha superficie de cesión de 23,43 m².

VISTO o **informe** emitido polo **arquitecto técnico** Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o **día 14 de febreiro de 2023**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **16 de febreiro de 2023**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **16 de febreiro de 2023**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 5ª RESIDENCIAL MEDIA COLECTIVA ALIÑADA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **Josefa Santamaría Sampedro** a **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº 1/23)** de parcela con refª catastral nº 9100915MH9190S0001QZ sita no **lugar de Capilla, Carreira, Ribeira**, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de parcelas de novembro de 2022 redactado polo Sr. Juan Carlos Escuris Villa, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. nº 1.166), resultando finalmente dous(2) fincas de modo que:

-PARCELA MATRIZ, Parcela inicial con refª catastral nº 9100915MH9190S0001QZ de medición real e comprobada de 1.991,00 m², que segundo a certificación catastral ten unha superficie de 1.917,00 m², que segundo escritura ten unha superficie de 1.923,36 m².

-PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:



-PARCELA 1 (RESTO DE FINCA MATRIZ): Parcela sita no lugar de Capilla, Carreira, Ribeira, cunha superficie bruta de 1.784,00 m², superficie neta de 1.740,45 m², superficie de cesión de 43,55 m² que linda: Norte vía pública, Sra. Manuela Muñiz Santamaría e finca con refª catastral nº 9100933MH9099N0001JM; Sur Vía Pública e Sra. Manuela Muñiz Santamaría; Leste: finca con refª catastral nº 9100933MH9099N0001JM; Oeste: Sra. Manuela Muñiz Santamaría e vía pública.

-PARCELA 2: Parcela sita no lugar de Capilla, Carreira, Ribeira, superficie bruta de 207,00 m², superficie neta de 183,57 m², superficie de cesión de 23,43 m² que linda: Norte Sra. Manuela Muñiz Santamaría; Sur vía pública; Leste: parcela 1 (resto de finca matriz) resultante da segregación; Oeste: Sra. Manuela Muñiz Santamaría e vía pública.

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Consta contrato de cesión asinado pola Sra. Josefa Santamaría Sampedro (DNI 33.084.902-T) o día 7 de febreiro de 2023, que comprende unha superficie total de cesión de 66,98 m², resultando na franxa sita na Parcela 1 (resto da finca matriz) unha superficie de cesión de 43,55 m² e na Parcela 2 unha superficie de cesión de 23,43 m².

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.



14.- INSTALACIÓN DE ESPELLO VIAL EN FONTERRAMIL (CASTIÑEIRAS)

Vista a proposta da Policía Local, de data 01/03/2023, relativa á instalación dun espello vial en lugar de Fonterramil esquina con lugar de Aldea (Castiñeiras), por mor á escasa visibilidade o que provoca un problema de seguridade viaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación dun espello vial en lugar de Fonterramil esquina con lugar de Aldea (Castiñeiras) para evitar os citados problemas de seguridade viare, e segundo o sinalado no citado informe policial.

15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (CONCERTO) EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Valeria Carolina Frías Hreczyn

VISTO o escrito presentado por **Valeria Carolina Frías Hreczyn**, en representación do establecemento “Bar Snack”, de data 01/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.184), no que solicita permiso para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro “Bar Snack” (Ribeira), o día 10 de marzo de 2023, en horario de 20:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Valeria Carolina Frías Hreczyn**, para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro “Bar Snack” (Ribeira), o día 10 de marzo de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como



máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Bar Snack" (Ribeira) (**Valeria Carolina Frías Hreczyn**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado



e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

16.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha”, de data 03/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.482), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 11 de marzo de 2023, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 11 de marzo de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.



5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Bar Aloha" (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."



- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

17.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LUGAR DE XARÁS (RIBEIRA) – Daneisy Figuereo Montaña

Visto o escrito presentado por **Daneisy Figuereo Montaña**, de data 02/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.372), no que solicita autorización para celebración dun evento musical con altafalantes no lugar chamado “Poboado”, sito no lugar de Xarás (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** comunicar á solicitante que para poder conceder a autorización para a celebración do citado evento deberá especificar o día, lugar e horario de celebración.



18.- AUTORIZACIÓN COLABORACIÓN MUNICIPAL PASO DE RUTA CONCENTRACIÓN MOTEIRA – Motoclub Sinfrenos

Visto o escrito presentado por M. Sonia Vllar Maceiras en representación do **Motoclub Sinfrenos**, de data 05/03/2023 (Registro de entrada nº 5.566), no que solicita colaboración municipal (Policía Local) para que o paso dunha concentración moteira polo municipio sexa máis fluida, durante os días 20 e 21 de maio de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a colaboración da Policía Local durante o paso por este concello da concentración moteira, para que así sexa máis seguro e fluido.
- Dar traslado á Policía Local, desta acordo para o seu coñecemento

19.- ORDENACIÓN E PINTADO DE PRAZAS DE ESTACIONAMIENTO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS (RIBEIRA)

Visto o informe/proposta presentado pola Policía Local, de data 06/03/2023, relativo á ordenación e pintado de prazas de estacionamento no Polígono Industrial de Xarás (Ribeira), a carón do Punto Limpo e o Matadoiro, por mor das reiteradas queixas da empresa Urbaser debido a que en moitas ocasións hai coches aparcados de xeito que impide ou dificulta o acceso a saída de camiión do Punto Limpo e, polo mesmo motivo, por parte dalgún que outro tráiler que quere entrar ou sair do recinto onde se atopa o matadoiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar ordenación e pintado de prazas de estacionamento no Polígono Industrial de Xarás (Ribeira), a carón do Punto Limpo e o Matadoiro, co pintado dos carrís de circulación e a disposición das prazas de aparcamento segundo o croquis que se achega no informe policial. A cabida aproximada de aparcamento sería de 121 vehículos tipo turismo (prazas de 5,00 x 2,50 m, habendo algunhas máis longas nas que caberían camiións pequenos).

20.- APROBACIÓN E ESTABLECEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE XESTIÓN ÉTICA DO CONCELLO DE RIBEIRA

EXPEDIENTE: 2023TMA-000005

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Os métodos de control poboacional de gatos comunitarios no concello de Ribeira iniciáronse no 2017, a través dun convenio de colaboración coa asociación Callejeros Barbanza e coa cesión dun espazo municipal para a atención de gatos en situación de vulnerabilidade.

Inicialmente, os labores de actuación consistiron na retirada de gatos desamparados e na realización actuacións puntuais de Captura – Esterilización -Retorno de femias en vía pública.



Con todo, a pesar dos esforzos públicos e privados investidos, non se conseguiu un control poboacional efectivo debido:

- Ao efecto baleiro xerado coa retirada de gatos.
- Á reducida intensidade dos programas de castración efectuados, sendo moi selectivos e centrados exclusivamente en femias procedentes de zonas públicas pública, sen abordar a parte privada.
- A inexistencia dunha análise de situación inicial para determinar poboación aproximada de gatos e para priorizar actuacións ou calcular recursos.
- Á carencia de protocolos de actuación para os diferentes axentes sociais implicados.
- Á falta dunha dotación orzamentaria fixa.

No ano 2022 cambiouse a estratexia de traballo e realizouse unha primeira diagnose de situación e censo no centro urbano de Ribeira.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

O Proxecto de Lei de protección dos dereitos e o benestar dos animais (en tramitación), regula as competencias municipais en materia de colonias felinas, definindo ao gato comunitario, o método CER e outros conceptos en colonias felinas.

No BOE núm. 2, de data 3 de xaneiro de 2023, publicouse a *Orde DSA/1352/2022, de 22 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais, destinadas a mellorar e impulsar o control poboacional de colonias felinas.*

De conformidade co previsto no artigo 1 da orde, o obxecto da mesma é o seguinte: “A presente orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas a mellorar e impulsar o control poboacional de colonias felinas.”

De conformidade co artigo 2 da orde, a finalidade das subvencións é: “(...) fomentar o desenvolvemento de plans e proxectos que contribúan a impulsar o control poboacional de colonias felinas mediante o método ético de captura, esterilización e retorno (en diante, CER), facilitar a diminución dos riscos de extensión de enfermidades por estas, mellorar as condicións de vida e alimentación dos animais que as compoñen, así como a formación ou concienciación respecto diso.”

Entre os requisitos básicos para poder acollerse ás axudas que, no futuro, se articulen por parte do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 resulta imprescindible que os Concellos dispoñan dun programa de xestión ética xa establecido pola entidade local.

O Servizo Municipal de Sanidade promoveu a redacción dun programa municipal de xestión ética para a súa implantación no Concello de Ribeira. Autorización de encargo de data 23 de febreiro de 2023, expediente 2023/000000000268.

3. RESOLUCIÓN

Atendendo ao exposto, e visto o informe técnico con proposta de resolución EMITIDO AO RESPECTO POLO Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 07/03/2023, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:



- APROBAR E ESTABLECER O PROGRAMA MUNICIPAL DE XESTIÓN ÉTICA DO CONCELLO DE RIBEIRA. TÍTULO: “2023 PROGRAMA CER MUNICIPAL RIBEIRA”. REDACTORA: ÁNGELES DOVAL ALVITE (ESPECIALISTA NA MATERIA).

21.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EXPOSICIÓN COCHES – José Manuel Martínez Suárez

Visto o escrito presentado por **José Manuel Martínez Suárez (A.C. As Dunas)**, de data 07/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.842), no que solicita autorización para a celebración dunha exposición de coches do Campionato de Rally do 2023, o día 11/03/2023, na explanada da Casa da Cultura de Olveira, así como unha sesión musical (DJ) de 20:00 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a para a celebración dunha exposición de coches do Campionato de Rally do 2023, o día 11/03/2023, na explanada da Casa da Cultura de Olveira.
- Autorizar a celebración dunha sesión musical (DJ) de 20:00 h. a 02:00 h.
- Dar traslado á Policía Local para o seu coñecemento

22.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN DA II CARREIRA DE MATRIARCAS E EVENTO MUSICAL - Marta Varela Rodríguez

Visto o escrito presentado por Marta Varela Rodríguez en representación da **A.C. R. e I. Cofradía da Dorna**, de data 07/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.811), no que solicita autorización para a celebración da II Carreira de Matriarcas o 11/03/2023, no Parque García Bayón (de 16:30 h. ata as 20:30 h.), así como o uso do Asteleiro (Antiga Praza do Peixe) para evento musical (Actuación DJ de 23:00 h. a 03:00 h.) e instalación de barras de venda de bebidas desde as 11:00 h. (montaxe) a 03:00h., solicitando poder ser retiradas o día 20/03/2023 a primeira hora da mañá.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da II Carreira de Matriarcas o 11/03/2023, no Parque García Bayón (de 16:30 h. ata as 20:30 h.).
- Autorizar o uso do Asteleiro (Antiga Praza do Peixe) para evento musical (Actuación DJ de 23:00 h. a 03:00 h.) e instalación de barras de venda de bebidas desde as 11:00 h. (montaxe) a 03:00h., debendo ser retiradas o día 20/03/2023 a primeira hora da mañá.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

